



Reunida a Área de formación da escola, e seguindo as instrucións ditadas polo Ministerio e a Consellería, acordou:

ENSINANZAS PROFESIONAIS ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO

1. PROGRAMACIÓNS

1. Avaliación

1.1 Alumnado con avaliación continua

2. A cualificación final do alumnado contemplará a fase de actividade docente presencial e a fase de actividade docente non presencial. Esta cualificación final non poderá ser inferior a cualificación outorgada na fase de actividade docente presencial.

2.1 Alumnado con perda do dereito á avaliación continua

As probas serán non presenciais. Cada docente establecerá no Anexo á programación o tipo de proba coincidindo coas datas e horas establecidas no calendario publicado.

1.3 Cada docente, coa coordinación das Xefaturas de departamento, elaborará un Anexo as programacións dos módulos adaptado a estes acordos.

3. CALENDARIO

Mantense sen cambios o calendario publicado a comezo de curso.

4. FORMACIÓN PRÁCTICA EN EMPRESAS, ESTUDOS OU TALLERES

Pódense diferenciar tres casos:

3.1 Realizar conxuntamente a FPEET co PI (Proxecto Integrado) mediante un apartado na memoria deste traballo que estableza as relación entre o PI e o mundo laboral. Neste suposto o alumnado terá que contar coa autorización do Departamento de relación con empresas.

3.2 Realizar a FPEET e o PI no primeiro trimestre do vindeiro curso. Neste caso, enviando un correo electrónico, a Dirección concederá as correspondentes anulacións de convocatoria por motivo da crise sanitaria.

3.3 Realizar o PI neste terceiro trimestre deixando a realización da FPEET para o primeiro trimestre do vindeiro curso. Neste suposto deberase contar coa autorización do Departamento de ensinanza e do Departamento de relación con empresas. Neste caso, enviando un correo electrónico, a Dirección concederá a correspondente anulación de convocatoria por motivo da crise sanitaria.





ENSINANZAS SUPERIORES DE DESEÑO

1. PROGRAMACIÓNS

1. Avaliación ordinaria

- a. Alumnado que cumpre os criterios de asistencia

A cualificación final do alumnado contemplará a fase de actividade docente presencial e a fase de actividade docente non presencial. Esta cualificación final non poderá ser inferior a cualificación outorgada na fase de actividade docente presencial.

- b. Alumnado que non cumpre os criterios de asistencia

As probas serán non presenciais. Cada docente establecerá no Anexo á programación o tipo de proba podendo coincidir coas datas e horas establecidas no calendario publicado e/ou no período que vai dende o 18 de maio ao 3 de xuño.

- c. Cada docente, coa coordinación das Xefaturas de departamento, elaborará un Anexo as programacións das disciplinas adaptado a estes acordos.

2. Avaliación extraordinaria

As probas da avaliación extraordinaria realizaranse nas datas e horas establecidas no calendario publicado. Se as condicións sanitarias o permiten estas probas serán presenciais.

2. CALENDARIO

Para adaptarse a estes acordos o calendario de fin de curso retrasa unha semana as datas previstas para a realización das probas finais, das avaliacións, tanto ordinaria como extraordinaria e para a entrega e defensa do TFE (Traballo Fin de Estudos), segundo o novo calendario publicado. TFE convocatoria ordinaria. Entrega venres 29 de maio. Defensa luns 8 de xuño.

TFE convocatoria extraordinaria. Entrega martes 30 de xuño. Defensa mércores 8 de xullo.

3. PRACTICAS EXTERNAS

No caso de non telas realizado total ou parcialmente, poderanse realizar conxuntamente co TFE mediante un apartado na memoria deste traballo que estableza as relación entre o TFE e o mundo laboral. Neste suposto o alumnado terá que contar coa autorización do Departamento de relación con empresas.

O alumnado poderá optar por realizar as PE e o TFE no primeiro cuatrimestre do vindeiro curso. Nestes casos, enviando un correo electrónico, a Dirección concederá as correspondentes anulacións de convocatoria por motivo da crise sanitaria.

